

Ramiro Rodríguez Suárez, con documento de identidade nº34.977.248-K e enderezo, a efectos de notificación, na Rúa Río Arnoia, 14 – Local 18 (Multicentro, 1ªP) de Xinzo da Limia, en nome e representación do Grupo Local do Bloque Nacionalista Galego (BNG), como mellor proceda en Dereito comparece e,

EXPÓN

PRIMEIRO – O Concello de Xinzo ten delegada a recollida e tratamento dos RSU's dende o ano 2008 en virtude do Convenio de Cooperación asinado coa Exma. Deputación Provincial de Ourense, publicado no BOP nº217 do 19 de setembro de 2007.

SEGUNDO – O Pleno do Concello de Xinzo da Limia, na sesión extraordinaria celebrada o día 13 de novembro de 2014, acordou a aprobación provisional da modificación da **ordenanza fiscal nº8, reguladora da taxa polo servizo de recollida do lixo**. O correspondente anuncio foi publicado no BOP nº264 do 17 de novembro de 2014, data a partir da cal se abriu un período regulamentar de 30 días hábiles para a presentación de alegacións.

TERCEIRO – O asinante, ao abeiro do establecido no art.18 do *RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLFL)*, procede á presentación da presente alegación.

CUARTO – A memoria económico-financieira á que se refire o art.20 da *Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos*, preceptiva para a modificación da taxa, figura na documentación elevada ao plenario como “Anexo I” baixo o título “*Estudo económico da xestión intermunicipal de RSU en réxime de competencia delegada, mediante unidade provincial única, para o ano 2014*”. Esta memoria **foi redactada polo técnico da Deputación Provincial en decembro de 2013**, o cal, en virtude dos cambios operados nas condicións do servizo dende esa data, especialmente no referente ao “canon de Sogama” que representa ata un 51,45% dentro da estrutura de custos repercutidos aos Concellos fai, ao noso entender, que **non sexa un instrumento plenamente válido para o cálculo da taxa de cara ao exercicio 2015**, cando menos, sen unha revisión en profundidade e unha actualización que teña en conta a situación previsíbel para o vindeiro ano.

QUINTO – Este estudo económico (Anexo I) foi realizado en base a unha **estimación de custos teóricos** dos diferentes elementos que interveñen no proceso. Dado que a Deputación Provincial ven prestando este servizo dende o ano 2008 entendemos que dita estimación **debería vir avalada por unha análise comparativa entre as previsións e os custos reais** dos exercicios pechados. Ademais, o referido estudo é dado por bo e admitido sen tan sequera un **informe dos servizos técnicos propios do Concello de Xinzo que faga unha análise** en profundidade para validar as premisas e os cálculos recollidos no mesmo, malia tratarse dunha importante cantidade que ten notábel incidencia sobre as arcas municipais e, por extensión, sobre as economías dos veciños e veciñas.

SEXTO – O estudo económico (Anexo I) **é xenérico e abrangue aos 49 concellos que teñen delegado o servizo** na Deputación. A estimación do custo da xestión dos RSU's asignaselle ao Concello de Xinzo en función dun **criterio de reparto poboacional**. Este criterio simplifica a

atribución da porcentaxe a cada un dos concellos, mais consideramos que, dadas as características do servizo, pode non resultar o máis xusto, toda vez que **o propio estudo establece o concepto de “aboado equivalente” á hora de calcular a base** e propoñer os diferentes tramos da taxa. Neste senso tamén cómpre destacar que resulta rechamante que nun servizo cuxo custo **depende fortemente da cantidade (volumen/peso) de material tratado, este parámetro non teña efecto á hora de efectuar o reparto** entre os concellos adheridos, o cal, de entrada, desincentiva os posibles esforzos en canto á redución na xeración de lixo que puidera levar adiante un concello determinado e traslada, na práctica, a hipotética boa xestión duns á non tan boa de outros o cal, lóxicamente, vaise reflectir na taxa aplicada.

SÉTIMO – O informe do servizo de Recadación e Catastro (Anexo II) pon de manifesto deficiencias á hora de recadar a taxa, isto provoca un déficit entre o importe reclamado pola Deputación e o efectivamente ingresado na Tesouraría municipal. Tendo en conta isto, **resulta cando menos inxusto e pouco equitativo tentar solucionar ese déficit subíndolle a taxa aos que xa a pagan**, sen antes incidir en medidas de mellora da recadación encamiñadas a conseguir que todos os beneficiarios do servizo contribúan efectivamente ao seu sostemento.

OITAVO – A liquidación realizada pola Deputación (Anexo III) do importe a soportar polo Concello de Xinzo, que para o ano 2014 ascende a $517.746,92€ - 47.228,77€ = 470.518,15€$, está realizada en base aos **custos estimados no estudo previo e non a datos reais de custo efectivo do servizo** extraídos dos asentos contábeis da Deputación ao peche dos períodos correspondentes. Por outra banda, o padrón do lixo para este mesmo exercicio ascendía a 361.915,94€ e a cantidade efectivamente recadada foron 307.389,45€. Semella pouco rigoroso facer o **cálculo do desfase existente en base a comparar unha magnitude real e verificábel con outra teórica e sen contrastar**, máxime se temos en conta que a redución do mesmo é o que provoca a suba do 20% aprobada para o ano que ven.

Por todo o exposto,

SOLICITA

1. Que se teña por presentado en tempo e forma este escrito de alegación.
2. Que se proceda á anulación da modificación da ordenanza fiscal nº8, reguladora da taxa polo servizo de recollida do lixo, no referente ás tarifas aprobadas para a súa entrada en vigor no exercicio 2015, deixándoa sen efecto.

Asdo. Ramiro Rodríguez Suárez

En Xinzo da Limia, a 23 de decembro de 2014

ILMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE XINZO DA LIMIA